



Concello de Cangas

BECAS DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN

A Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade aproba as becas das menores que participan no programa Enredos de Verán

A xunta de goberno local do 19 de xuño aprobou o listado de becas concedidas pola Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, por un valor de 8.095€ das que se benefician un total de 45 menores de 48 solicitantes.

As becas inclúen a participación nas actividades de mañá e o acceso o comedor, no caso de que así o solicitaran.

A duración de programa Enredos de Verán é dende o 26 de xuño ata o 25 de Agosto e realízase en dous emplazamentos, en Aldán e en Cangas. En ambos o programa combina actividades de manualidades con xogos máis dinámicos, donde se prima o traballo entre iguais e de forma colaborativa.